



HORARIO DE VERÁN DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NO CONCELLO DE VEDRA

Ata o 15 de setembro a atención ao público
será no seguinte horario:
De luns a venres de 9:00 h. a 13:00 h.



AXENDA ASOCIATIVA PARA XULLO

- Serán Infantil e actuación da “Cova das Letras” o 6 de xullo, organizado pola Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.
- XVI Festival de Bandas de Música do Patio o 7 de xullo, organizado pola Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.
- Festa do socio o 7 de xullo da Asoc. Cultural San Campio.
- Ruta turística en BTT pola Costa da Morte o domingo 8 de xullo de Ribadoulla Cicloescusa.
- Xogo de Peñas o 14 de xullo organizada pola Asociación Xuvenil A Dorna.
- Cine de verán 4x4x4 coa Asoc. Senunpeso:
 - Proxección de “O descoñecido” o 6 de xullo en San Xián.
 - Proxección de “Sicixia” o 20 de xullo en Vedra.

XULLO

L	M	MC	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

AXENDA PARA O MES DE XULLO

- En xullo continúan as propostas de verán:
 - Piscina, aluguer de piraguas en Agronovo, aluguer de bicicletas, punto de información turística, Goza do Ulla, campamentos de verán infantil e xuvenil, ludoteca de verán... Tes toda a información na nosa páxina web e tamén no noso facebook.
- Inauguración da Exposición de Pintura do alumnado dos obradoiros do concello o 5 de xullo.
- Excursión ao Aquapark de Cerceda, o 19 de xullo.
- Goza do Ulla, aberto o prazo para anotarse á ruta que discorre por Vedra.
- Programación da terceira idade:
 - Excursión á praia - Xantar campestre. Rianxo-Boiro o 11 de xullo.
 - Bingo de Verán o 19 de xullo.
 - Cine ao aire libre o 20 de xullo.

AVISO AVARÍAS ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Lembrámoslle a toda a veciñanza que os avisos por avarías nos faros de iluminación pública deben realizarse no teléfono da empresa do servizo de mantemento: 981 500 506.





Caseta de promoción turística na Semana Verde de Galicia - Festur.



Degustación de "PRODUTOS VAL DO ULLA" xunto con Boqueixón e Vila de Cruces na Semana Verde de Galicia.



Aulas de educación canina impartidas no marco da campaña sobre protección de animais de compañía e tenza responsable.



Grupo da peregrinación nipona que viña facendo o Camiño de Inverno.



Última etapa de sendeirismo antes do parón do verán, con visita ao Grove... Volverán á actividade en outubro!!!



Momento dunha actuación no Certame de Corais da Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla.



Baile –Sardiñada de San Xoán, celebrado o pasado 16 de xuño.



Excursión da Terceira Idade ao Castro de Neixón (Boiro).



Visita ao Pazo Faramello- Comarca do Barbanza.



Certame de Corais Concello de Vedra.

Deporte

HORARIO DE VERÁN NO PAVILLÓN MUNICIPAL E ALUGUER DE PISTA

■ Nos meses de verán o ximnasio municipal permanecerá aberto co horario do pavillón municipal que pasará a ser de 19:00 h. a 23:30 horas.

Tamén neste horario podes **alugar por horas a pista central**. Recorda que é preciso facelo cunha antelación de 7 días. A reserva de horas farase directamente no pavillón municipal ou a través da aplicación que esta aloxada na páxina web do concello.





PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

■ O 31 de maio remataba o prazo para realizar os traballos de limpeza e corta de arboredo naquelas parcelas que incumprisen co disposto na Lei de incendios e nas súas posteriores modificacións. A partir deste momento e tendo en conta, ademais, que o concello de Vedra é un municipio considerado zona de alto risco de incendio, as persoas que incumpran coa normativa vixente en materia de prevención de incendios expóñense ás correspondentes sancións. A maiores disto, a administración poderá repercutirle os gastos de extinción no caso de incendio forestal. Por iso rogámoslles a todas as persoas propietarias que aínda non cumpriron con estas obrigas que o fagan coa maior brevidade posible. Así mesmo, agradecemoslles a todas as persoas que xa cumpriron con elas o esforzo realizado para adaptarse á normativa.

OBRIGAS:

1º. Xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetrais:

a) ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable (recordamos que hai que limpar tamén a ma-

leza das parcelas urbanas).

b) arredor das edificacións situadas a menos de 400 metros do monte.

c) arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

2º. Retirar piñeiros, eucaliptos, mimosa, acacia e o resto de especies recollidas na D.A. 3º da Lei de incendios que estean situadas a menos de 50 metros dos solos e edificacións indicados no punto anterior.

PROHIBICIÓNS:

- Durante o período de alto risco de incendio que abrangue desde o día 1 de xullo ao 30 de setembro, non se poderán realizar queimas de restos agrícolas.

- Neste mesmo período estival queda prohibida a realización de grelladas ou calquera tipo de fogueira nas zonas agrícolas, forestais ou de influencia forestal. Independentemente de que contén con infraestruturas para a preparación de alimentos.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS PORTA A PORTA

■ Lembra que o concello de Vedra segue a ofrecer o servizo de recollida de voluminosos porta a porta nun esforzo máis de axudar na reciclaxe e sobre todo en evitar os vertidos incontrolados.

DATAS DE RECOLLIDA:

O PRIMEIRO e TERCEIRO venres de mes en horario de mañá.

TELÉFONO AO QUE CHAMAR:

981 571 241 (Extensión 100).



As solicitudes atenderanse ata as 17:00 h. do día anterior a cada recollida.

RECORDA que tamén os podes achegar ata o PUNTO LIMPO que abre os martes de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h. e os sábados de 10:00 a 14:00 h.

Cultura

EXPOSICIÓN DE PINTURA

EXPOSICIÓN DE PINTURA

Alumnado dos obradoiros de pintura do Concello
CASA DAS ARTES DE VEDRA



Inauguración
5 XULLO
ás 20.00 horas

HORARIO DE VISITA

Venres de 19.00 a 21.00 h.
Sábados de 11.00 a 13.00 h.
Durante o mes de xullo





LEMBRA QUE DURANTE O VERÁN AS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS DO CONCELLO DESCANSAN...

■ No seu lugar contamos cunha completa programación para todos os gustos e idades...

Campamentos, campos de traballo, sendeirismo, intercambios, actividades de ocio e tempo libre, piscina, ludoteca de verán ...

Imos lembrar aquelas nas que aínda podes participar!!!



EXCURSIÓN AO AQUAPARK DE CERCEDA. O xoves 19 de xullo.

■ Unha aposta para pasar un marabilloso día en familia, con amigos/as... pero sobre todo con moita diversión. Con todas as alternativas que o Aquapark ofrece!

- Ata os 4 anos gratis.
- De 5 a 12 anos: 7 €.
- Maiores de 12 anos: 10 €.

Os menores de 12 anos deben levar acompañante.

ALUGUER DE PIRAGUAS NA ÁREA DE RECRO DE AGRONOV

■ Durante os meses de xullo e agosto, todos os sábados e domingos pola tarde entre as 16:00 h. e 20:00 h. poderase acceder libremente ás piraguas mediante o seu aluguer a un prezo de 3€/ hora.

Non perdas a ocasión de realizar esta actividade que che permite gozar da paisaxe ao mesmo tempo que practicas deporte!

PISCINA MUNICIPAL-TEMPADA 2018

■ HORARIO:

- De luns a venres de 15:00 a 21:00 h.
- Sábados, domingos e festivos de 16:00 a 21:00 h.

En caso de mal tempo as instalacións permanecerán pechadas!

Actividades acuáticas

- As tardes dos luns e xoves dos meses de xullo e agosto de 15:30 a 18:30 h.

Natación para nenos e nenas:

Iniciación e perfeccionamiento en varios niveis determinados pola idade

Natación para persoas adultas:

Natación e perfeccionamiento.

Consulta os horarios e inscíbete na propia piscina municipal.

As incorporacións posteriores ao 28 de xuño, deberán esperar 7 días para iniciar a actividade. Isto é debido a que a Lei 13/2015 de 24 de decembro obriga a

que as actividades deportivas, deben estar cubertas por un seguro de accidentes específico, ademais do seguro de responsabilidade civil.

PREZOS:

- Cursos para persoas menores de 14 anos: 7 €+ abono individual e familiar.
- Cursos para persoas maiores de 14 anos: 13 €+ abono individual ou familiar.

Para a inscrición en calquera das actividades é imprescindible ter un abono na piscina municipal de Vedra para a tempada de verán 2018.

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓN NA PROPIA PISCINA MUNICIPAL OU NO SEU TELÉFONO 626 488 891.





SERVIZO DE ALUGUER DE BICICLETAS BTT

■ **Destinatarios:** O servizo de préstamo de bicicletas está dirixido a persoas maiores de idade, se ben os menores con idade comprendidas entre os 16 e os 18 anos poderán gozar do servizo previa autorización expresa e responsable dalgún dos seus pais ou titores legais. Queda expresamente prohibido a alta e utilización do servizo a menores de 16 anos.

Horario e lugar do servizo de aluguer de bicicletas:

Horario de atención ao público: de martes a domingo de 11:00 a 20:00 horas nos **puntos de intermediación do aluguer de bicicletas:**

- **Bar Quenllas:** r/Manuel Texo nº 3, Santa Cruz de Ribadulla. (42.776649, - 8.424904). T: 981 512 452.
- **Bar Barreiro:** Cibrán nº9, San Xián de Sales. (42.814694, - 8.511153) T: 981 511 508.
- **Ou chamando** ao 981 814 612 concello de Vedra.

Dispoñibilidade do servizo: O servizo estará dispoñible todo o ano. O tempo máximo permitido de utilización continua das bicicletas é de 6 horas. No caso de exceder este prazo aplicaranse as sancións correspondentes. O servizo poderá ser suspendido por causas de forza maior (climatolóxicas...). **Declaración de alta como usuario:** Os interesados en gozar do sistema de aluguer de bicicletas deberán previamente darse de alta no servizo nos Puntos de Intermediación. A tal efecto, deberán cumprimentar unha folla de inscrición e acompañala do documento nacional de identidade.

Custe do servizo: O custe do servizo é de 3 €, co límite de tempo fixado (6 h).

Xestiona o servizo: Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra "Casa dos Peóns".

Turismo



GOZA DO ULLA 2018

■ Vedra forma parte deste programa que fai un percorrido polas rutas de sendeirismo dos concellos bañados polo Ulla. Toda a información e forma de inscrición nos concellos participantes e no Facebook: <http://facebook.com/gozadoulla>

*Goza do Ulla en Vedra o domingo 5 de agosto.
Ruta Vía da Prata e San Xoán da Cova.*

Esta ruta percorrerá un tramo do camiño da Vía da Prata e continuará pola marxe dereita do río Ulla, aproveitando camiños de paso e sendas de pescadores (Rede Natura).

Ten o seu inicio na "Capela do Santiaguiño" e o remate na "Área de recreo de Cubelas".

Son 14,6 Km de percorrido gozando da beleza paisaxística de Vedra.

- **Punto e hora de encontro:** Área de Cubelas (San Pedro de Sarandón) ás 9:30 h.

Prazo de inscrición aberto ata o día 1 de agosto no teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico casadospeons@concellodevedra.com

Ruta da Vía da Prata e San Xoán da Cova

Distancia: 14,6 Km.
Dificultade: media.



Domingo 5 de agosto

Punto de encontro: Área de Recreo de Cubelas (9:30 h.)

42°44'45"N 08°28'19"W

para deixar os coches e subir en autobús ata o punto de saída

Saída ás 10:00 h. da Capela do Santiaguiño

42°47'26.87"N 08°25'56.52"W

+ Información e inscricións para o xantar na
Festa do Chourizo que se celebra ese mesmo día na
Área de Recreo de Cubelas

981814691 – casadospeons@concellodevedra.com



www.concellodevedra.com



PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NO VERÁN

■ Os meses de xullo e agosto, o concello de Vedra volverá a contar cun punto de atención e información turística que estará na Casa Reitoral de Ponte Ulla.

Na **Casa dos Peóns** contarase cun dispensador de folletos de información e de promoción turística do con-

cello, e ademais, todos os establecementos hostaleiros, contarán con material de promoción do concello.

Para calquera dúbida ou consulta, dirixirse ao teléfono: 669 450 804.

Voluntariado

CERTIFICADO DE EXPERIENCIAS DE EDUCACIÓN NON FORMAL EN MATERIA DE XUVENTUDE

■ O certificado de experiencias de educación non formal en materia de xuventude permite confirmar a participación en programas de educación non formal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e, sobre todo, validar as competencias e darlle visibilidade aos coñecementos, habilidades e formación derivados desa participación, en tanto que contribúen ao desenvolvemento persoal dos participantes, enriquecen o seu currículum vitae e favorecen a participación activa na sociedade. O certificado está regulado pola Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regula o certificado de educación non formal en materia de xuventude (DOG nº 57 do 25 de marzo).

Se participaches nalgún dos programas que dan dereito á expedición do certificado, presenta xa a túa solicitude.

Programas que dan dereito á expedición do certificado:

- Iniciativa Xove, Erasmus+: Xuventude en Acción, A xuventude no mundo, Campos de traballo e Galeuropa (artigo 3.1).
- Outros programas: Correspondentes xuvenís 3.0 (artigo 3.2).

Máis información: <http://xuventude.xunta.es/certificado-de-experiencias>

Formación e Emprego

PREMIO PARA A MOCIDADE POR INICIATIVAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

■ A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) convoca a novena edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural. Os premios que se convocan correspóndense coas seguintes categorías:

- **Categoría mozos**, para aquelas iniciativas levadas a cabo por mozos/as que constitúan unha aposta polo presente e o futuro do medio rural galego e da súa poboación. Para estes

efectos, terán a consideración de mozos ou mozas quen non teña máis de corenta anos na data en que finalice o prazo para presentar a candidatura ou, no caso de persoas xurídicas, cando polo menos o 25 % dos seus membros cumpran este requisito.

Cada un dos **premios** constará dun diploma e unha dotación en metálico de 10.000 €.

O prazo para presentar candidaturas estará aberto ata o **18 de xullo de 2018**. As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento MR709A. Máis información no DOG do 18 de maio de 2018 e en: <http://agader.xunta.gal/gl/linas-de-axuda>.





VEDRA MEDRA. Memoria de actuacións 2017-2018

■ **Vedra medra** continuou este curso 2017-18 co compromiso de manter o patrimonio vivo nas aulas. Este curso desenvolvemos unha liña de traballo ligada ao Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Vedra (A Ruta da Prata) participando no programa PROXECTA de educación patrimonial "MIRANDO POLO CAMIÑO".

Apostamos polo Camiño como unha produción cultural a partir da que se podía mobilizar unha acción pedagóxica dirixida a educar o alumnado en valores patrimoniais e a fortalecer a súa identidade e o sentido de pertenza. *Vedra medra co feitizo do Camiño.* Actuacións:

- Participación coa exposición fotográfica no *Pasabodeghas* de San Miguel de Sarandón (28 e 29 de outubro).
- Inauguración da exposición **Vedra medra** no MUSEO DO POBO GALEGO (4 de novembro).
- Saída a Palas de Rei (igreja de Vilar de Donas, Castelo de Pambre e con percorrido polo Camiño de Santiago entre O Couto e Melide) (21 de novembro) (3.º ESO).
- Saída ao Pico Sacro, Centro de Interpretación de Cachosenande e Centro de razas equinas (1 de decembro) (1.º ESO).
- Charla de Fernando Cabeza Quiles (30 de xaneiro) (2.º ESO).
- Participación no certame de fotografía "IMAXES

DO PATRIMONIO" convocado pola Asociación Cultural Ponte nas ondas!

- Charla de Xosé Manuel Lobato (22 de febreiro) (1.º ESO).
- Saída a San Pedro de Vilanova, O Santiaguiño do Monte, Padrón e o Museo das Peregrinacións de Santiago (3 de abril) en colaboración co Departamento de Xeografía e Historia (2.º ESO).
- Charla de Ricardo Varela (2 de maio) (1.º ESO).
- Saída pola Ruta da Prata desde O Santiaguiño (4 de maio- 3.º e 4.º de EP) (15 de xuño -1.º, 5.º e 6.º de EP), en colaboración co Departamento de relixión católica.
- Saída ao Pazo de Ortigueira (24 de maio) (1.º ESO).

Vedra medra despídese un curso máis satisfeito polo traballo realizado e agradecendo a todos os seus colaboradores a súa desinteresada axuda.

No verán non descansamos, planificamos futuro POR UN PATRIMONIO VIVO!



Servizos Sociais

SERVIZO DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA

■ A programación do Centro Sociocultural da Terceira Idade leva desenvolvendo dende o pasado mes de xaneiro un "Servizo de estimulación terapéutica para persoas con alzheimer ou outras demencias".

- **Horario:** martes, xoves e venres de 10:00 a 13:00 h.

Trátase dunha actividade execu-

tada pola Asociación "AGADEA" en coordinación cos Servizos Sociais Municipais, a través dunha educadora social e unha xerocultora. Se tes interese nesta actividade ponte en contacto no 981 814 695.

A primeira valoración para determinar a adecuación da posible persoa usuaria ao servizo determinaraa unha psicóloga.

LUGAR: CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA

SERVIZO DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA PARA PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS

MARTES, XOVES E VENRES DE 10.00 A 13.00





ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ De interese...

Para unha mellor difusión dos programas de actividades trimestrais da terceira idade, informamos que todas as persoas interesadas poden obtelo nos seguintes lugares:

- **No concello** de luns a venres de 10:00 a 14:00 h.
- **No Centro social da Terceira Idade** de martes a domingos de 19:00 a 23:00 h.

■ Excursión á praia - Xantar campestre. Rianxo-Boiro

Mércores 11 de xullo.

Prezo: 22 € (Inclúe transporte e comida) -prazas limitadas-

Programa: Preténdese que este sexa un día de xuntanza veciñal onde se goce da praia e das posibilidades que ofrece a contorna: paseo polo novo paseo a carón da praia, visita ao pobo... Pola mañá visitaremos lugares de interese da zona. Pola tarde praia.



(O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 7 de xullo. As prazas e número de asento adxudícaranse por orde de inscrición)

■ Bingo de Verán

Xoves 19 de xullo ás 20:00 h.

■ Cine ao aire libre

Venres 20 de Xullo ás 22:00 h. na carballeira do Centro Social. **Título:** "Sicixia". **Organiza:** Asociación "Senunpeso", coa colaboración de "Papaventos Teatro".

■ Centro Social Maiores

Horario do centro en xullo e setembro: de martes a domingo de 19:00 h. a 23:00 h. Pechado o último domingo de cada mes e os festivos. Ao longo do mes de agosto o centro permanecerá pechado.

Cursos:

Bailoterapia: Os xoves de 18:00 a 19:00 h. Prezo 5€/mes.

Hipopresivos: Os xoves de 19:00 a 20:00 h. Prezo 5€/mes.

Obradoiro de pintura e punto: Os martes e mércores de xullo de 19:00 a 21:00 h. (Gratuito). Previa inscrición e pago.

LUDOTECA DE VERÁN

■ "Teca" e "Ludo" e o Misterio do Tempo.

Este ano a nosa aventura correrá a mans de dous personaxes aventureir@s "Teca" e "Ludo" que nos acompañarán este verán para converternos en autentic@s descubridor@s de misterios, aos cales terémolles que atopar solucións para que a humanidade non mude a súa historia, ou si?. A través deste gran xogo aprenderemos a mirar e analizar o mundo desde outras perspectivas, ao mesmo tempo que potenciamos o noso instinto de esculcar e comprender a contorna que nos rodea.

Actividades programadas para o mes de xullo:

1ª semana de xullo: conformaranse tres equipos que terán que comezar a prepararse para desvelar os misterios do tempo, comezaremos con xogos de coñecemento, xogos de orientación, xogos de auga, construcións.

2ª semana de xullo: saímos en busca de aventuras para resolver os misterios que nos depara o mundo xurásico, xogos de cooperación, gran xogo en busca do dinosauro perdido... Rastrexo e xogo de pistas.

3ª semana de xullo: respectamos o medio ambiente, concienciación co medio ambiente, xogos de medio ambiente. Excursión didáctica, safari fotográfico exploradores/as actividade de descuberta no concello para descubrir os restos arqueolóxicos. Onde está a momia oculta, que maldición axexa á cidadanía de Vedra? Taller de arqueoloxía.

4ª semana de xullo: comezaremos a construír unha fortaleza para aprender a desenvolvernos na Idade Media capaces de facerlle fronte as adversidades, xogos de orientación...

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



Concello de Vedra



XUNTA DE GALICIA

ruta BBT pola Costa da Morte

■ Ribadoulla Cicloes-cusa convida a participar nunha ruta turística en BTT pola Costa da Morte. Unha ruta en plan tranquilo, para gozar da compañía e dunhas paisaxes espectaculares.

• **Domingo 8 de xullo** .Camariñas-Laxe (42km)

• **Horarios e puntos de saída:** Un autobús recolleranos nos seguintes puntos:

- Bar O Candil (Vedra): 8:00 h.
- Restaurante Vitoria (Santa Cruz): 8:15 h.
- Lestedo (frente a carnicaría A Poita Marela) : 8:30 h.
- Chegada a Camariñas ás 10:00 h.

Comida: No quilómetro 26 parada para comer no restaurante O Paella, de Camelle. Despois continuaremos 16 km. ata Laxe.

Prezo: (Inclúe transporte e comida). Socios: 15 euros. Non socios: 20 euros. **Como anotarse:** Comunicándoo a través do mail info@ribadoulla.es ou no teléfono 610 447 890.



FESTA D@ SOCI@

■ A Asociación Cultural San Campio, celebra a festa d@ soci@ o 7 de xullo na Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón.

Haberá: festa da espuma, animación, actuacións musicais. E á noiteña... sardiñada e churrascada!

Prezo:

- Socios/as: gratuíto.
- Non socios/as: 5 €.

Anotarse antes do 5 de xullo, teléfono: 678 826 516.



XVI FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA DO PATIO

■ Volve un ano máis esta aposta musical de calidade da man da banda de Música Santa Cruz de Ribadulla. Desenvolverase durante o 6 e 7 de xullo no Pazo de Ortigueira en Santa Cruz de Ribadulla.

A Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla en colaboración co concello de Vedra, organiza o **venres 6 de xullo ás 19:00 horas** no Pazo de Santa Cruz, un **Serán Infantil**. Haberá inchables, xogos populares, animación musical e espectáculo de monicreques a cargo de "A cova das letras".

Sábado 7 de xullo ás 20:00h:

- Banda de Música de Onil (Alicante).
- Banda Artística de Merza.
- Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla.
- Coa interpretación de "obertura" "1812" de Tchaikovsky en colaboración con Pirotecnia Penide e a sección de metais das bandas de Merza e Onil.



"XOGO DE PEÑAS" DA ASOCIACIÓN XUVENIL DORNA

■ Haberá: xogos populares, xogos de pistas, talleres, festa da espuma... Inscribe a túa peña!, mínimo 5 participantes maiores de 16 anos. **NOVIDADE!!** Xogo de peñas infantil (infórmate). Fantásticos agasallos para os primeiros clasificados!

- **Data:** 14 de xullo.
- **Lugar:** Trobe - Vedra.
- **Prezo:** 10 € persoa (inclúe seguro).
- **Inscripción + info:** 619 942 583 ou en: asociacionxuvendorna@gmail.com.

4X4X4 CINE DE VERÁN 2018 EN VEDRA

■ 4x4x4 cine de verán 2018 en Vedra. 4 parroquias * 4 venres * 4 filmes.

Organiza: Asociación Senunpeso.

Colabora: Concello de Vedra / Deputación da Coruña / A. C. Papaventos.

"O descoñecido"

Venres 6 de xullo. 22:30 h.

San Xíán de Sales. Campo da festa.

Coa colaboración da Asociación de veciños Unión e Progreso de San Xíán de Sales.

"Sicixia"

Venres 20 de xullo. 22:30 h.

Vedra. Carballeira do Centro Socio-cultural. Coa colaboración da Asociación Cultural Papaventos.

"María (e os demais)"

Venres 3 de agosto. 22:30 h.

Santa Cruz de Ribadulla. Estación de tren. Coa colaboración da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

"A noite que deixou de chover"

Venres 17 de agosto. 22:00 h.

San Pedro de Vilanova. Campo da festa do Santiaguíño. Coa colaboración da Asociación cultural e de festexos Fonte do Apóstolo.

Parabéns

A NAVIA RENDO GUTIÁN

■ Parabéns a Navia Rendo Gutián, xogadora do Victoria C.F. que se proclamou campioa da primeira Copa do Sar Feminina.



A NURIA MENIÑO RENDO

■ Parabéns a Nuria Meniño Rendo, que o pasado 3 de xuño coa Escola Ximnasia Rítmica Compostela quedou campioa Benxamín Galega.



A CARLA PÉREZ E MANUELA RAVIÑA

■ Parabéns para Carla Pérez e Manuela Raviña do Club Olímpico de Vedra que debutaron nun campionato de España coa selección galega sub16 de atletismo.



AO EQUIPO XUVENIL E CADETE DA ED VAL DO ULLA

■ Parabéns para o equipo xuvenil e cadete da ED Val do Ulla polo campionato e subcampionato respectivamente da Copa do Sar.



XANELA DA LINGUA

■ Cal é a situación do galego entre a nosa mocidade?. A resposta a esta pregunta é fundamental para entender cal será o futuro do galego nos vindeiros anos. Esta preocupación levou á Real Academia Galega a realizar, a través do seu Seminario de Sociolingüística, un estudo sobre o uso do galego na mocidade. Pendente da súa publicación, xa nos adiantaron algunha das conclusións: “o galego perde presenza como referente lingüístico familiar e na comunicación diaria das persoas nadas entre 1989 e 1999, pero rexístrase tamén entre elas un cambio na percepción social da lingua (...) comézase a asociar a lingua galega a valoracións máis positivas.”

En resumo, a chamada Xeración Z fala menos galego aínda que socialmente o acepta con maior respecto

que anos atrás. Nesta situación, está claro que a supervivencia do galego está, unha vez máis, en risco, polo que se debe aproveitar esa visión máis positiva da lingua que teñen as novas xeracións para impulsar o seu uso habitual nos diferentes ámbitos (social, laboral, familiar...).



Vedra Festeira

FESTAS PATRONAIS EN PONTE ULLA

PONTE ULLA 2016
SABADO 21 DE XULLO
FESTIVIDADE DE SANTA MAGDALENA
PASARRUAS E CONCERTO COA BANDA DE MUSICA
SANTA CRUZ DE RIBADULLA
MARDAVILA
POLA NOITE GRUPO
DISCOTECA MOBIL IMPACTO
DOMINGO 22 DE XULLO
FESTIVIDADE DO SANTISIMO
PASARRUAS E CONCERTO COAS BANDAS DE MUSICA
SANTA CRUZ DE RIBADULLA
UNION MUSICAL PONTELEDESMA
A TARDIÑA, CONCERTO DAS CITADAS BANDAS DE MUSICA
REMATARÁ A FESTA CO TRADICIONAL DESFILE DAS BANDAS
MISA OS DOUS DIAS AS 13:00 H. CANTADA POLO CORO PARROQUIAL PONTE ULLA
AS BOMBAS DE PALENQUE ESTARAN A CARGO DE PIROTECNIA PENIDE

MAZÁS KREA
ASOCIACIÓN MUSICAL
ORGANIZACIÓN DE EVENTOS
PROMOCIÓN CULTURAL
Teléfono: 986 58 23 02 - Fax: 986 58 25 66 - Móvil: 659 08 84 29
Txov. Cuatro, n.º 2 Bajo - 36090 VILA DE CRUCES (Pontevedra)
mazas.krea@gmail.com

SEGUDEZA
SERV. ASEGURADORES Y DE INVERSIÓN DEL DEZA
C/ Puente, 21 Bajo - 36500 LALÍN (Pontevedra)
C/ Vázquez, 13 Bajo - 36590 VILA DE CRUCES (Pontevedra)
Teléfono: 986 788 588 / 986 532 267 / 609 516 561 - Fax: 986 782 267
gropontegordal@publicis.es - www.mazas.krea.com

FESTAS DO CARMEN DE TROBE

- **21 de xullo.** Vésperas. Verbena amenizada por dúos e discoteca móbil.
- **22 de xullo.** Festa na honra da Virxe do Carme. Día das Bandas: Banda de Boiro, Banda de Visantoña, Banda Pop-Rock de Arzúa.
- **23 de xullo.** Sesión vermú e verbena a cargo de dúas orquestras.

FESTAS DO SAN CRISTOVO DE MERÍN

- **10 de xullo.** San Cristovo. Misa ás 22:00 h. Habrá verbena nocturna e “pulpeiro”.
- **14 de xullo.** Misa solemne ás 13:00 h. e sesión vermú e verbena amenizada por actuacións musicais.
- **15 de xullo.** Misas solemnes ás 10:00 e 13:00 h. e sesión vermú e verbena amenizada por actuacións musicais.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.